

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

RESOLUCIÓN do 6 de febreiro de 2023, da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, pola que se publica a Resolución do 3 de febreiro de 2023 de rectificación de erro material na Resolución do 14 de decembro de 2022 que finaliza o procedemento administrativo ao abeiro da Orde do 22 de agosto de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a creación de novos centros de atención a persoas maiores, dependentes ou con discapacidade, e para a remodelación e adaptación de equipamentos xa existentes, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento BS631D).

Mediante a Resolución do 14 de decembro de 2022 finalízase o procedemento administrativo de concesión de subvencións ao abeiro da Orde do 22 de agosto de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a creación de novos centros de atención a persoas maiores, dependentes ou con discapacidade, e para a remodelación e adaptación de equipamentos xa existentes, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento BS631D). A dita resolución foi notificada pola Resolución do 15 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 224, do 26 de decembro.

Tras detectarse un erro material no anexo I da indicada Resolución do 14 de decembro de 2022, no referente á denominación dun dos proxectos obxecto da concesión da subvención, iníciase o procedemento de rectificación de erros ao abeiro do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No artigo 17 da mesma orde establécese que se publicarán no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os actos administrativos e a correspondente resolución deste procedemento. Esta publicación producirá os efectos da notificación.

Polo exposto, ditada o 3 de febreiro de 2023 a resolución en que se rectifica o erro da antedita Resolución do 14 de decembro de 2022 que finaliza o procedemento de concesión ao abeiro do disposto nos artigos 16 e 17 da Orde do 22 de agosto de 2022,



RESOLVO:

Primeiro. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do contido íntegro da Resolución do 3 de febreiro de 2023 de rectificación de erro material na Resolución do 14 de decembro de 2022 que finaliza o procedemento administrativo ao abeiro da Orde do 22 de agosto de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a creación de novos centros de atención a persoas maiores, dependentes ou con discapacidade, e para a remodelación e adaptación de equipamentos xa existentes, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento BS631D), que se recolle no anexo.

Segundo. Comunicar que contra a dita resolución poderá interpoñerse o recurso postestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2023

Fernando González Abeijón
Director xeral de Persoas con Discapacidade

ANEXO

Resolución do 3 de febreiro de 2023 de rectificación de erro material na Resolución do 14 de decembro de 2022 que finaliza o procedemento administrativo ao abeiro da Orde do 22 de agosto de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a creación de novos centros de atención a persoas maiores, dependentes ou con discapacidade, e para a remodelación e adaptación de equipamentos xa existentes, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento BS631D).

O pasado 26 de decembro de 2022 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 224, a Resolución do 15 de decembro de 2022 pola que se publica a Resolución do 14 de decembro de 2022 que finaliza o procedemento administrativo ao abeiro da Orde



do 22 de agosto de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a creación de novos centros de atención a persoas maiores, dependentes ou con discapacidade, e para a remodelación e adaptación de equipamentos xa existentes, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento BS631D).

Tras detectarse un erro material no anexo I da indicada resolución, no referente á denominación dun dos proxectos obxecto da concesión da subvención, de acordo co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,

RESOLVO:

Primeiro. Proceder á emenda da Resolución do 14 de decembro de 2022 que finaliza o procedemento administrativo ao abeiro da Orde do 22 de agosto de 2022, como se indica no anexo I, expediente BS631/2022/0029, na columna proxecto presentado, onde di: «Creación dun centro ocupacional para persoas con discapacidade intelectual no concello de Santiago de Compostela», debe dicir: «Creación dun centro de día e residencia para persoas con discapacidade intelectual no concello de Santiago de Compostela».

Segundo. Contra esta resolución poderá interporse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro. A presente resolución será publicada no *Diario Oficial de Galicia*, que fará todos os efectos de notificación practicada previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2023. A conselleira de Política Social e Xuventude. P.D. (Disposición adicional primeira da Orde do 22.8.2022; DOG núm. 168, do 5 de setembro). Fernando González Abeijón, director xeral de Persoas con Discapacidade.

